

## MESA SECTORIAL DO DÍA 20 DE MAIO DE 2020

### 1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROTOCOLO DE REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA.

Ante o borrador de protocolo para o reinicio da actividade lectiva presencial presentado para a súa negociación na Mesa Sectorial de hoxe, desde ANPE Galicia queremos facer as seguintes consideracións:

- ANPE Galicia reitera a súa posición de que **nin docentes nin alumnado deberían acudir ás aulas sen condicións de seguridade plena, especialmente as persoas declaradas de risco ou vulnerables.**
- ANPE demanda a **realización de test masivos PCR para a poboación escolar e a toma de temperatura á entrada dos centros educativos como medidas efectivas para a protección da saúde, ademais do uso obrigatorio de mascarillas (tal e como xa se establece no BOE).** Para a nosa organización a toma da temperatura debe controlarse á entrada dos centros e non deixarse unicamente en mans dos proxenitores do alumnado ou dos seus titores legais como establece o borrador do Protocolo xa que isto non garante que se realice tal control da temperatura.
- ANPE tamén demanda unha aposta decidida pola dixitalización dos centros educativos **renovando os actuais equipos informáticos obsoletos** e o uso de **documentos oficiais en formato dixital**, cobertura de **baixas e xubilacións, redución de rateos e reforzo de plantillas**, así como **formación** axeitada para os docentes sobre novas tecnoloxías e metodoloxías de formación a distancia.
- ANPE manifesta a súa **frontal oposición** ao documento, esixindo **protocolos máis claros, precisos, rigorosos e de obrigado cumprimento en todos os centros educativos.** Tamén pedimos á Administración que **non se precipite e evite derivar toda a responsabilidade nos equipos directivos como soe facer de xeito habitual.**
- Segundo as instrucións recollidas no borrador do Protocolo, as **medidas organizativas e de control do cumprimento dos protocolos** deben ser asumidas pola **dirección dos centros**, algo que para ANPE é inadmisíble. Desde a Administración se opta por que sexa o equipo directivo o que teña que adquirir individualmente todos os materiais sanitarios ao cargo do presuposto do centro, xa de por si bastante mermados, a excepción da primeira remesa de mascarillas, sen ser especialistas na adquisición de dito material e negociando de forma individual con provedores, o que implica despilfarro de recursos e pésima organización en comparación ao que suporía unha estratexia de compra centralizada e negociación de mellores condicións ao comprar en maiores lotes. Por outra banda, ao obrar deste xeito desde ANPE entendemos que se **incumple a lei de prevención de riscos laborais** que, no seu artigo 17 prescribe claramente que "o empresario adoptará as medidas necesarias para que os equipos de traballo garantan a seguridade e a saúde dos traballadores". Con esta proposta, se o material adquirido é ineficaz ou non protexe fronte ao contaxio, ou se o seu uso non é o axeitado, toda a responsabilidade recaerá novamente nas direccións dos centros educativos.

# MESA SECTORIAL



ANPE  
SINDICATO INDEPENDIENTE  
GALICIA

Para ANPE Galicia esta proposta de Protocolo trátase dunha **fallida declaración de intencións, sen propostas específicas** para o sector educativo (alumnado, profesorado e centros educativos). Non pasa de ser un conxunto de **medidas inconcretas, cheas de ambigüidades** cuxa única eficacia é **cargar as responsabilidades sobre os equipos directivos** dos centros, para que resolvan unha morea de necesidades como son a limpeza, a organización dos espazos (aulas, ximnasio, patios, corredores, biblioteca...), as entradas e saídas dos colexios, o transporte escolar, o comedor ou mesmo as quendas de alumnado e/ou profesorado, etc. E todo isto ao seu libre albedrío e cos seus propios recursos. A asimetría entre centros educativos está así garantida e se algo sae mal, o culpable estará sinalado.

**Mención expresa merece, para a nosa organización a atribución de responsabilidade respecto da reincorporación do profesorado**, pedindo por parte da Administración a combinación do **ensino presencial e a distancia**, obviando que o equipo directivo non ten ningunha competencia sobre esta materia e que ademais o ensino a distancia está sen regular.

**ANPE Galicia, en calquera caso non está disposto a permitir, baixo ningunha circunstancia que o profesorado que se teña que reincorporar ás actividades lectivas presenciais vexa aumentado o seu horario lectivo por mor de ter que compaxinar ditas actividades presenciais coas que está a desenvolver telemáticamente desde o comezo do estado de alarma.** Na práctica estanse a apuntar subrepticiamente medidas que van a supor a modificación do horario do profesorado e o horario xeral do centro (cuxa modificación esixe a reunión e aprobación por parte do claustro e das familias mediante votación). As medidas recollidas no borrador e que supoñen atender ao alumnado presencialmente e de forma telemática significaría duplicar a xornada laboral do profesorado. **Isto para ANPE é unha liña vermella que non debe sobrepasarse e que soamente se solucionaríase reforzando as plantillas.** Tamén queremos recordar á Administración educativa que debe afrontar unha dotación de equipos informáticos a alumnado e profesorado para abordar a dixitalización dos contidos curriculares porque ata o de agora se está a traballar cos recursos informáticos pagados do peto e cos recursos académicos propiedade intelectual do profesorado. Se non se revirte esta realidade e se pretende, como parece, mantela no tempo, as condicións de traballo do profesorado retrocederán varios séculos, cando ao traballador se lle obrigaba a poñer non só a man de obra senón tamén as ferramentas. ANPE Galicia considera que tamén o profesorado ten dereito á desconexión dixital xa que a adaptación a paso apresurado á nova realidade está a xerar situacións de alta dose de estrés e ansiedade entre o colectivo.

Hai outros aspectos recollidos no borrador do Protocolo que para ANPE Galicia son motivo tamén de preocupación e inquedanza como pode ser o feito de que o profesorado poida transmitir en directo a través de "streaming" as clases presenciais que está a impartir para o alumnado que voluntariamente acude ao centro para o resto do alumnado. Desde o noso punto de vista poden verse vulnerada a Lei de Protección de Datos e esiximos unha aclaración da Administración a este respecto.

Se o anterior é preocupante, o apartado relativo ás medidas dirixidas ao persoal especialmente sensible (persoas con diabetes, enfermidade cardiovascular, hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, inmunodepresión, cancro, embarazo e persoas maiores de

60 anos) é directamente inaplicable ao incumprir o principio de xerarquía normativa. O borrador do documento establece que "o servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL) avaliará e emitirá un informe que conterá medidas preventivas adecuadas para istos colectivos como adaptación ou cambio de posto de traballo. Decidir que este colectivo acuda presencialmente ao centro de traballo é **unha temeridade** á que ANPE se opón frontalmente.

**Por outra banda, desde ANPE Galicia levamos anos loitando pola mellora das condicións de conciliación da vida familiar e laboral do profesorado como colectivo ao que representamos. Tendo en conta esta premisa non atopamos en todo o borrador do documento presentado ningunha medida destinada a favorecer a conciliación do profesorado que se tería que incorporar aos seus centros de traballo deixando aos seus fillos/fillas nos seus domicilios. Creemos que os proxenitores teñen o dereito á garda legal dos seus fillos/as recoñecido pola Constitución española e que non recoller ningunha medida destinada a facilitar a conciliación vulnera dito dereito fundamental.**

Como resumo desta intervención ANPE reitera que **nin docentes nin alumnado deben acudir, desde o noso punto de vista ás aulas se non se garanten as condicións de seguridade, especialmente para as persoas declaradas de risco ou especialmente vulnerables. Para iso, desde ANPE Galicia, demandamos á Administración que teñan en conta as recomendacións establecidas pola Organización Mundial da Saúde e que non recolle o documento proposto.**

Por último, tendo en conta que o documento presentado parece enfocarse non soamente na volta ás actividades presenciais no presente curso senón que implicitamente da a entender que serán tamén válidas para o comezo do curso que ven, desde ANPE Galicia queremos que a Administración nos aclare o alcance do documento hoxe presentado. Prevendo que a resposta nos leve á confirmar a nosa hipótese de que tamén son medidas para o vindeiro curso, queremos insistir nas seguintes puntualizacións, pero, sobre todo, nalgunhas delas co obxectivo de poder iniciar o vindeiro curso con todas as garantías necesarias posibles de seguridade, saúde e hixiene:

**É necesario que, tanto alumnado como profesorado pasen o test de COVID-19 antes da súas reincorporación ás aulas e,** desde logo e en todo caso, nas zonas de maior incidencia da pandemia e nos centros que contén con un gran número de alumnado e profesorado.

**Sobre a incorporación do profesorado dos grupos vulnerables ao COVID-19. Non estamos acordo co recollido sobre a reincorporación de dito profesorado,** cuxa actividade ten un nivel de risco 2 ou 3 segundo o tipo de ensino. O propio Ministerio, nas medidas de prevención e hixiene que remite ás comunidades, establece a non incorporación aos postos de traballo de nivel de risco 2 e 3 aínda que a patoloxía estea controlada en casos de inmunodeficiencia, tratamento de cancro, embarazadas ou maiores de 60 anos con algún tipo de patoloxía. **Por todo isto, desde ANPE plantexamos que o profesorado dos grupos vulnerables ao COVID-19 NON se incorpore en ningún caso aos centros educativos e sexa substituído para evitar riscos innecesarios.**

# MESA SECTORIAL



No que respecta aos materiais de protección sanitaria deben ser as Administracións educativas as que doten a todo o persoal dos centros e non deixar a responsabilidade da compra deste material de protección ou de calquera outro relacionado co control da pandemia a unhas máis que sobrecargados equipos directivos.

De cara ao vindeiro curso é moi importante afondar nun protocolo máis coherente, riguroso e máis detallado e estudado que estableza actuacións para as distintas ensinanzas, materias ou módulos, fundamentalmente daquelas que se desenvolven en espazos distintos á aula ordinaria como poden ser laboratorios, talleres, ximnasios ou polideportivos, etc.

Outra cuestión moi importante e non recollida no documento presentado é a atención e apoio psicolóxico e emocional que poida necesitar parte do profesorado por causa da pandemia que estamos a sufrir e que as Administracións educativas deberán prever.

**Para finalizar, desde ANPE Galicia propoñemos a creación dun grupo de traballo, dependente desta Mesa de negociación, que poida traballar de xeito coordinado para preparar desde xa o inicio do vindeiro curso.** Ademais das medidas de seguridade, saúde e hixiene antes presentadas, hai que establecer e consensuar outra serie de aspectos moi relevantes de cara ao vindeiro inicio de curso e que afectan directamente ao profesorado: como será a incorporación do alumando, con que recursos materiais e persoais se contará para elo, o establecemento dun plan de dixitalización dos centros educativos e as adaptacións curriculares e metodolóxicas que se poidan plantexar.

**A única modificación que acepta a Consellería de Educación con respecto ao texto presentado é en relación a medidas de conciliación e o protocolo de actuación para persoas pertencentes a grupos de risco ou especialmente vulnerables. Así, deste xeito, o profesorado que teña fillos/as menores de 12 anos (inclusive) ou o que teña fillos/as con discapacidade acreditada superior ao 33% (independentemente da súa idade) ao seu cargo estará exento de acudir ao seu posto de traballo previa petición á dirección do seu centro.**

**En relación ao persoal docente de grupos especialmente vulnerables terán que facer a solicitude de estar exento de acudir ao seu centro a través da dirección do centro educativo que remitirá a solicitude á Inspección Médica da provincia que corresponda quen será o que emita o correspondente informe. En tanto en canto non se emita dito informe (que pode decidir, en función da situación médica, a incorporación ou non ao centro de traballo) o/a docente NON acudirá ao centro.**

**Tamén aclara que este borrador de protocolo afecta ao que resta deste curso escolar e non ten que ver co inicio do curso escolar.** Ante esta información desde ANPE Galicia **solicitamos que se dean instrucións claras sobre si o resto de profesorado (que non imparte nin en 2º de bacharelato nin en 2º de ciclos formativos) debe acudir ou non aos centros xa que hai centros educativos que**

# MESA SECTORIAL



ANPE  
SINDICATO INDEPENDIENTE  
GALICIA

esta mesma mañá informaron ao seu profesorado de que teñen que acudir ao centro o vindeiro luns 25.

A Administración tamén aclara que, pese a que no documento se fala del, NON haberá transporte escolar no que resta de curso académico.

Antes de finalizar a Administración informa tamén sobre outro tipo de cuestións como poden ser as probas de acceso a Conservatorios e as probas de certificación das EOI. Con respecto á primeira cuestión informan de que se tratará de facelas telematicamente con carácter xeral salvo naqueles casos excepcionais onde non sexa posible. Con respecto á segunda cuestión, e tal e como xa se informa nas páxinas web das distintas EOI, tanto as probas como a matrícula das mesmas están aprazadas, prevendo inicialmente (e á espera de indicacións por parte do Estado) a súa realización no mes de setembro.

Dado o tardío da hora acórdase aprazar os restantes puntos da orde do día prevista (información sobre as oposicións 2020 aprazadas ao 2021 e orde de prórroga dos nomeamentos das direccións dos centros educativos para unha vindeira Mesa Sectorial a celebrar o próximo martes 26 de maio. Sen máis temas que tratar, péchase a sesión sendo as 15:00 horas.

**ANPE**  
SINDICATO INDEPENDIENTE  
GALICIA